

Pontevedra, 21 xaneiro: Defensa da Sanidade Pública



A **CGT** de Pontevedra chama ós seus afiliados, simpatizantes e ó conxunto da sociedade pontevedresa a participar activamente este sábado, **21 de xaneiro** nunha nova edición da Marea Branca en defensa dunha sanidade pública, universal, gratuita no momento da prestación e de calidade, convocada pola Coordinadora Antiprivatización da Sanidade Pública. A mobilización terá lugar en Pontevedra, **Praza da Peregrina**, ás **12,30h**.

Recortes, situación precaria dos traballadores e traballadoras interinas, peche de camas, incrementos nas listas de espera, colapsos nas urxencias, aposta do goberno por un modelo sanitario privado que beneficia ás multinacionais ? sobran os motivos para a mobilización da cidadanía na defensa dunha sanidade pública, universal, gratuita no momento da prestación e de calidade.

Comité Local da CGT de Pontevedra